



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación,  
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio administrativo San Caetano s/n  
15781 Santiago de Compostela  
Tlf: 981546562 - Fax: 981546551  
dxefpie@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es/fp

**ACTIVIDADE PORTFOLIO DE SECUNDARIA. Curso 2009/2010**  
**IES de RODEIRA (CANGAS). Terceiro envío: Xuño 2010.**

Profesorado implicado:

Salvador Castro Otero: Ámbito lingüístico: Castelán e Galego.

Teresa de Jesús Comesaña García: Inglés.

Ana Leirós Davila: Galego.

María Xosefa Martínez Fernández: Ámbito lingüístico Galego e Castelán.

Carmen Soto Cano: Francés. Coordinadora do grupo portfolio.

<b>TÍTULO DA ACTIVIDADE</b>	“Rexistros de lingua orais e/ou escritos”
<b>IDIOMAS</b>	<input checked="" type="checkbox"/> GALEGO <input checked="" type="checkbox"/> FRANCÉS <input type="checkbox"/> OUTRAS LINGUAS: <input checked="" type="checkbox"/> CASTELÁN <input type="checkbox"/> ALEMÁN <input checked="" type="checkbox"/> INGLÉS <input type="checkbox"/> ITALIANO
<b>DESCRITORES A TRABALLAR</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión oral e escrita dos documentos en varias linguas empregados como base das actividades propostas.</li> <li>- Expresión oral e/ou escrita, insistindo na corrección gramatical, a fluidez, a claridade da exposición e a adecuación aos diferentes niveis de lingua empregados.</li> <li>- Interacción na aula, en linguas ambientais ou estranxeiras, durante a creación das realización propias, tanto orais coma escritas, nos diferentes soportes, con especial fincapé, nalgunhas linguas, no uso das ferramentas dixitais á hora da manipulación e conservación dos textos orais.</li> </ul> <p><b>Os niveis aos que imos desenvolver estes descritores son:</b></p> <p><u>1º ESO:</u> Francés 1º ESO: A1. Inglés: A1.</p> <p><u>3º DIVER:</u> Castelán e Galego: A2-B1.2</p> <p><u>4º DIVER:</u> Castelán e Galego: B1-C1</p> <p><u>4º Referencia:</u> Francés: A2.2.-B1.1. Galego: B2-C1 Inglés: A2-B1.</p>
<b>DESTREZAS QUE SE INCLÚEN</b>	<input checked="" type="checkbox"/> COMPRENDER: <input checked="" type="checkbox"/> comprensión auditiva / <input checked="" type="checkbox"/> comprensión lectora <input checked="" type="checkbox"/> FALAR: <input type="checkbox"/> expresión oral / <input checked="" type="checkbox"/> interacción oral (conversar) <input checked="" type="checkbox"/> ESCRIBIR: <input type="checkbox"/> expresión escrita
<b>OBXECTIVOS</b>	En multitude de situacións cómpre facer unha exposición oral ou escrita, dentro do rexistro estándar. Igualmente, é conveniente ter acceso nas linguas ambientais ao vocabulario específico da lingua coloquial para incrementar o coñecemento das expresións propias de cada idioma. Ao longo deste terceiro



	<p>trimestre propoñémonos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Recoñecer as características específicas do texto expositivo (oral e/ou escrita): estrutura formal, tempos verbais máis usuais. Citas versus opinións persoais.</li> <li>-Estudar as estruturas propias da exposición oral: conectores, retrousos, frases feitas máis usuais das linguas ambientais.</li> <li>-Crear “novos” materiais e recursos de reflexión e autoaprendizaxe para arquivar no dossier persoal e no pasaporte.</li> </ul> <p>Nas linguas ambientais:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Ser quen de distinguir o rexistro formal do coloquial e este do vulgar.</li> <li>-Enriquecer o rexistro coloquial do alumnado en galego coa incorporación de expresión e frases feitas. Detectar as interferencias idiomáticas para ser conscientes das diferenzas expresivas de cara a un uso máis correcto das mesmas pero tamén da riqueza que supón dispor de medios expresivos diferentes e dos matices expresivos dos mesmos.</li> </ul> <p>Nas linguas estranxeiras:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Achegarse a elementos culturais propios das linguas estranxeiras obxecto de estudo, que poden existir noutras culturas do mundo.</li> <li>- Reflexionar, cando a actividade así o permita/facilite sobre a importancia da lectura para o mellor desenvolvemento de accións posteriores e para unha vida cotiá máis segura.</li> </ul>
<b>NIVEL</b>	<p>Primeiro da ESO B (francés e inglés). Terceiro e Cuarto de Diversificación: ámbito lingüístico: castelán e galego. 4º ESO B-C, francés. 4º de ESO C, galego. Cuarto de ESO B: inglés.</p>
<b>SECCIÓN DO PEL</b>	<p>X <input type="checkbox"/> BIOGRAFÍA: Como me ven /como vexo aos demais. Tradicións diversas e similares: traballo na clase e fóra dela. X <input type="checkbox"/> PASAPORTE DE LINGUAS Plantillas de autoavaliación. X <input type="checkbox"/> DOSSIER Pequeno traballo de investigación escrito en 1º E.S.O. Terceiro diversificación: Gravación dun diálogo formal e outro informal. Cuarto diversificación: Presentación Power Point con frases gravadas. Cuarto da ESO: Recollida de frases. Traballo gráfico e/ou gráfico e textual en soporte variado</p>
<b>PROCEDEMENTO</b>	<p><u>1º ESO:</u> Francés: 1.- Festas francófonas, festas do mundo: estudo das principais festas francófonas, vinculadas con outras das culturas máis próximas e afastadas: Gran grupo: elección de festividades obxecto de traballo. Consenso sobre aspectos relevantes. Confección de ficha de organización/avaliación do traballo. De xeito individual, localización de información en lingua meta. A partir destes textos expositivos complexos, exercicio de comprensión da información de base. Reformulación mediante a elaboración de traballo persoal coa axuda dos recursos da aula. Presentación en dous formatos: papel para a exposición oral na aula e dixital, mediante correo electrónico, con vistas a inclusión no blog da aula. 2.-Símbolos definatorios de países francófonos europeos. En pequeno grupo son investigados os 4 países europeos francófonos. Elaboracións de “post” individuais en lingua ambiental. Lectura das achegas dos demais, segundo ficha de comprensión/expresión escrita. Na aula: posta en común de resultados, dificultades, propostas de mellora e posibilidades de aprender lingua fóra da aula.</p>



Reflexión sobre símbolos do noso país: é todo tan sinxelo?

Inglés:

Gran grupo: Reflexión sobre como nos ven dende fóra, que compartimos realmente deses estereotipos. Como os tópicos inflúen na nosa visión doutras culturas (principalmente a anglosaxona). De forma máis ou menos espontánea o alumnado manifesta posibles tópicos referidos á cultura de estudo. Investigan por parellas ou pequenos grupos a orixe ou realidade dalgúns estereotipos e preséntano ós seus compañeiros.

### **3º Diversificación: Ámbito:**

Seguimos a metodoloxía cooperativa.

Dividimos o curso en grupos de tres ou catro alumnos. Elixen unha situación comunicativa e crean un texto formal e outro coloquial axeitados á mesma.

Len en alto as propostas e os compañeiros e o profesor están atentos a destacar e corrixir aqueles trazos que non sexan axeitados, ben por pertencer a un nivel vulgar da lingua (os tacos por exemplo), aqueles que supoñan unha interferencia lingüística (coméntase se procede o tema da diglosia e polo tanto o uso funcional de distintas linguas en distintos niveis e rexistros de fala), etc.

Unha vez incorporadas as correccións os alumnos pasan a interpretar o seu texto que queda gravado en soporte informático co uso de software libre. Con posterioridade montan nun só ordenador as distintas gravacións co fin de lograr un único texto (repárense en que tiveron que rexistralos en distintos ordenadores). Aproveítase ese momento para destacar as características fonéticas que se detecten e a súa importancia.

### **4º Diversificación: Ámbito:**

O alumnado traballa por parellas, buscando expresións e frases feitas en libros e dicionarios que a profesora leva a clase. Cando seleccionan unha frase, teñen que inventar unha situación na que esta teña sentido. Logo elaboran unha montaxe en power point coas frases e os diálogos. Finalmente gravan as conversas e incorporan a gravación á montaxe.

### **4º ESO:**

#### **Francés, Galego e Inglés:**

Galego:

No grupo de referencia aproveítase a lectura e explicación de *A esmorga*, novela con moitas frases feitas e unha linguaxe coloquial como punto de partida da explicación. Traballan igualmente as expresións que aparecen no libro de texto. Os alumnos recollen as expresións e frases feitas que estean afeitos a escoitar no seu entorno, diferenciando as que utilizan a xente nova da que empregan os máis vellos da familia. Explican ademais o seu significado dentro dun contexto. A recollida queda por escrito e é exposta na clase de forma individual.



	<p>Francés: Citas e opinións. 1.- Pinturas e pintores: Grupo clase: Traballo de presentación de diferentes movementos pictóricos, coas figuras máis senlleiras. Faise fincapé no “impresionismo” comparación de dúas pinturas ou presentación dun só cadro. Consenso sobre elementos imprescindibles, axudas externas á aula, etc. Traballo individual. Envío do esquema por correo electrónico. Coavaliación e corrección do traballo orixinal na aula: parellas, grupo clase. Nova redacción do cadro resumo. Coa axuda do escrito, exposición diante do grupo clase. Coavaliase o resultado (escrito e oral) e o nivel de expresión oral.</p> <p>2.- A miña película preferida: Traballo individual de elaboración de presentación de película, tomando “prestadas” fontes da internet. Insístese na cita das fontes documentais e nas diferenzas entre datos obxectivos e opinións persoais.</p> <p>Inglés: traballo de imaxinación e de exposición oral. “Sharing stories with and without words” por necesidades de tempo realizamos o traballo en parellas. Elixen/negocian unha novela, canción, película, un videoxogo,... Os grupos preparan unha presentación para os compañeiros feita só con imaxes. (A4, powerpoint, poster,...). Co apoio visual (e un pequeno guión) presentan oralmente o traballo aos compañeiros. Valórase o o elaborado e a a capacidade de expresión oral.</p>
<p><b>AVALIACIÓN: Seguimento</b></p>	<p>Castelán: Avaliación do traballo de cada grupo e a participación individual de cada membro. Son de especial interese para a cualificación os avances producidos en cada fase do proceso, de xeito que os novos coñecementos sexan incorporados ao novo quefacer. Por último, son tidas moi en conta aquelas características da linguaxe formal que os alumnos incorporen ao seu idiolecto.</p> <p>Francés e Inglés: 1º E.S.O. e 4º E.S.O. Observación e/ou control da profesora durante o proceso de reflexión. Dobre avaliación do resultado: do grupo e da profesora, segundo criterios xa coñecidos e usando plantillas. Valórase a participación nas actividades, o proceso, a consecución dos obxectivos.</p>
<p><b>AVALIACIÓN: Nivel de participación</b></p>	<p>Terceiro de diversificación: O nivel e o entusiasmo do alumnado foi moi elevado, se ben ao principio as correccións parecíanlles unha molestia, logo se decataron da importancia para saber como desenvolverse en distintas situacións e a pertinencia e eficacia de saber expresarse con corrección para a vida cotiá. Tamén mostraron unha actitude positiva ao descubrir que é posible expresarse con corrección (evitando os usos vulgares) e de xeito non formal. Igualmente consideraron unha riqueza a posibilidade de usar as súas linguas ambientais ao tempo que se decataron das interferencias que moitos consideraron unha forma de expresarse mellor (acaso aí haxa un pequeno fracaso).</p>



#### Cuarto de diversificación:

A maioría de alumnado desta aula non emprega o galego no rexistro informal e só o coñece no ámbito académico, normalmente escrito. Este exercicio axudoulle o comprobar que o galego pode ser a lingua das súas conversas cotiás, exactamente igual que o castelán. Pola contra dous alumnos si teñen o galego como lingua habitual na casa e con certos amigos pero non a empregan nunca no instituto. Estes dous sentíronse especialmente a gusto nesta actividade que deixou que saíse o galego que levan dentro, xustificadas pola actividade que estaban a desenvolver. En ambos casos a actividade serviu para superar prexuízos e entender que as linguas son para ser faladas e que nós temos o privilexio de poder comunicármolos en dúas linguas sen esforzo. E tamén resultou moi divertido.

#### Inglés e Francés

O interese e a participación é dispar segundo o tipo de alumnado. No grupo de 1º de E.S.O. nas dúas linguas (e en 4º en francés) tanto do alumnado máis competente na materia, como do que presenta maiores dificultades están motivados e son colaboradores. Todos amosan en xeral gran interese na investigación, e maior ou menor capacidade de expresión de acordo ó seu nivel.

En inglés, no grupo de 4º de E.S.O. o interese está máis repartido. O alumnado máis competente na lingua mostra maior motivación.

En francés, o feito de que os resultados aparezan no blog da profesora, mesmo sendo de forma semianónima, sendo lidos por todos os estudantes produciu unha interesante autocorrección e mesmo o desexo de participar -con adaptacións de niveis- nas actividades que fosen propostas a outros cursos.